

**Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios**

PREÁMBULO	2
Artigo 1. Autorización do programa	2
Artigo 2. Titulacións que se obterán	2
Artigo 3. Duración do programa.....	2
Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa do Programa de Simultaneidade.....	2
Artigo 5. Centro de impartición do ensino.....	2
Artigo 6. Número de estudiantes	3
Artigo 7. Acceso e admisión de estudiantes.....	3
Artigo 8. Criterios de matrícula	3
Artigo 9. Permanencia e progresión: número de créditos que se deben superar	4
Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias.....	4
Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia	4
Artigo 12. Abandono do Programa de Simultaneidade.....	5
Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudiantes deste Programa de Simultaneidade	5
Artigo 14. Expedición dos títulos oficiais de grao	5
Disposición adicional primeira. Normativa supletoria	6
Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade	6
Disposición transitoria. Curso académico de aplicación desta normativa	6
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	6
Disposición final primeira. Habilitación	6
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	6
ANEXO I. Estrutura do Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	7
ANEXO II. Recoñecementos específicos para o estudantado do Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	12

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta académica disponible, posibilita que o estudiantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Facultade de Filoloxía, responsable de ambas titulacións. Para o funcionamento do programa conxunto é preciso regular determinados aspectos.

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade da Coruña (UDC) autoriza a posta en marcha dun programa de estudos proposto pola Facultade de Filoloxía, que permita simultaneas os estudos de Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios (en diante «Programa de Simultaneidade»), mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partires dos plans de estudos oficiais de ambos graos e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O estudiantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de cinco cursos académicos, dez cuadri mestres repartidos conforme á estrutura que figura no anexo I. O número de créditos necesario para superar o programa será de 324 créditos.

Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa do Programa de Simultaneidade

A Facultade de Filoloxía será responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade e dos expedientes do alumnado. O estudiantado do programa aboará neste centro os prezos públicos e taxas por servizos académicos que correspondan aos títulos Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

A impartición de todas as disciplinas deste programa de simultaneidade realizarase na Facultade de Filoloxía da UDC.

Artigo 6. Número de estudiantes

O número de estudiantes de acceso ao Programa de Simultaneidade será, en cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Facultade de Filoloxía e de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 7. Acceso e admisión de estudiantes

1. Só poderá acceder ao Programa de Simultaneidade aquel estudiantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambos os graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.
3. Aquel estudiantado que estea a cursar o 2º curso do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios ou Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e desexara cursar o Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte, poderá acceder ao mesmo co recoñecemento das materias de 1º e 2º curso. Este recoñecemento terá carácter gratuíto.

A Facultade de Filoloxía proporá, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o número máximo de estudiantes que poderá acceder por esta vía ao Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte.

A admisión deste alumnado realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) A nota de acceso á Universidade, que debe ser igual ou superior á nota que se esixiu para a admisión no Programa de simultaneidade no curso académico anterior, excepto que o número de solicitudes sexa inferior á oferta anual aprobada pola UDC.
 - b) No caso de empate terase en conta a nota media do expediente correspondente aos dous primeiros cursos rematados ou en proceso, tendo prioridade os que teñan 120 créditos superados.
4. Non se contempla o ingreso no Programa de Simultaneidade do alumnado que está a realizar cursos superiores a 2º curso dos graos.

Artigo 8. Criterios de matrícula

1. O estudiantado de 1º curso que curse estes estudos por primeira vez poderá optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao 1º curso, ou ben a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudio do estudiantado de grao na UDC.
2. O estudiantado de continuación de estudos deberá efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudio do estudiantado de grao na UDC.

3. De acordo coa norma de progresión nos programas académicos aprobada na UDC, o estudiantado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obligatoria non superados de cursos anteriores.
4. O alumnado de continuación de estudos matriculado en réxime de dedicación a tempo parcial deberá efectuar a súa matrícula respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC na Normativa de xestión académica (NXA) vixente para cada curso académico.
5. O estudiantado poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a NXA que rexía en cada curso académico.

Artigo 9. Permanencia e progresión: número de créditos que se deben superar

1. O alumnado de 1º curso matriculado neste por primeira vez deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudiantado de grao na UDC.
2. O estudiantado de continuación de estudos deberá cumplir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro xunto coas de cada un dos graos.

Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia

1. Aquel estudiantado matriculado no Programa de Simultaneidade que non cumpra as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberá abandonar os estudos, de conformidade co disposto na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudiantado de grao na UDC.
2. As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polo estudiantado do Programa, serán atendidas pola persoa titular do decanato da facultade, quen resolverá por desconcentración da reitora ou do reitor da UDC, logo do informe da Comisión de Organización Académica (COA).
3. Contra a resolución do decano ou decana, o estudiantado poderá presentar un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere.

Artigo 12. Abandono do Programa de Simultaneidade

1. As persoas que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da Facultade de Filoloxía antes do inicio do período ordinario de matrícula.

2. O estudantado, de ser o caso, poderá:

a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teñan aprobados polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e seis créditos no réxime de dedicación a tempo parcial, da titulación que vaian cursar.

De non cumplir este requisito, o decanato da facultade, previa petición da persoa interesada, poderá admitir a matrícula, pero neste caso o/a estudante deberá superar un mínimo de 36 créditos obligatorios do 1º curso para a matrícula a tempo completo, e 18 no caso de matrícula a tempo parcial.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opte, por aqueles outros superados na titulación que abandone.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matricule, por aqueles outros créditos superados no Programa de Simultaneidade.

Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudiantes deste Programa de Simultaneidade

1. Ao alumnado que superar o Programa de Simultaneidade recoñeceránse lle os créditos das disciplinas que constan no anexo II.

2. Os recoñecementos realizaranse polo decanato logo de superar o total de créditos previstos no Plan de Simultaneidade agás os traballos de fin de grao. Este recoñecemento será gratuito.

3. De acordo coas memorias verificadas do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e do Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizaranse dous traballos de fin de grao (TFG), que poderán facerse simultaneamente. Fomentarase que ambos traballos poidan constituir un corpus dun traballo multidisciplinar e que poidan ser codirixidos convxuntamente por profesorado de ambos graos, aínda que cada TFG terá a súa propia avaliación e cualificación final.

Artigo 14. Expedición dos títulos oficiais de grao

O estudantado deberá solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais: Graduado/a en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC e Graduado/a en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC.

A solicitude farase perante a Administración da Facultade de Filoloxía, e aboaranse, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

Os trámites administrativos que se realizarán a estos efectos serán, para cada título, os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudios regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade

A UDC resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se corresponde coa oferta académica anual; porén, o estudantado de continuación de estudios terá garantida a posibilidade de rematar os estudios do Programa de Simultaneidade.

Disposición transitoria. Curso académico de aplicación desta normativa

Esta norma será de aplicación a partires do curso académico 2025/2026.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, aprobada polo Consello de Goberno do 23/03/2015 e modificada polo Consello de Goberno do 20/07/2017.

Disposición final primeira. Habilitación

Corresponderalle á vicerreitoría competente en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Estrutura do Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Curso	Créditos	Tipo de materias
1º	60	60 Formación Básica
2º	60	60 obligatorios
3º	72	72 obligatorios
4º	69	60 obligatorios + 9 optativos
5º	63	36 obligatorios + 27 optativos
TOTAL	324	60 FB + 228 OB + 36 OP

Deberanse cursar en total 18 créditos de optativas específicas do Grao en Inglés (dúas materias de 3º e dúas materias de 4º) e 18 créditos de optativas específicas do Grao en Galego e Portugués (dúas materias de 3º e dúas materias de 4º).

1º curso					
1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
Cód.	Materia	Créd.	Cód.	Materia	Créd.
202170	Lingua Española 1	6 FB	202175	Lingua e Cultura Clásica	6 FB
202171	Lingua Galega 1	6 FB	200103	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	6 FB
202172	Lingua Inglesa 1	6 FB	200104	Lingua Inglesa 2	6 FB
202173	Lingüística Xeral	6 FB	200105	Historia	6 FB
202174	Introdución aos Estudos Literarios	6 FB	200106	Literatura Inglesa 1	6 FB



2º curso					
Anual					
Cód.	Materia			Créd.	
200107	Literatura Española			9 OB	
200108	Literatura Galega			9 OB	
1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
Cód.	Materia	Créd.	Cód.	Materia	Créd.
200109	Lingua Española 2	6 OB	200113	Literatura Inglesa 2	6 OB
200110	Lingua Galega 2	6 OB	200114	Técnicas de Traducción	6 OB
200111	Lingua Inglesa 3	6 OB	200115	Lingua Inglesa 4	6 OB
<i>Elixir 1:</i>					
200112	Idioma Moderno: Francés				
202228	Idioma Moderno: Italiano	6 OB			
202229	Idioma Moderno: Portugués				
202231	Idioma Moderno: Alemán				

3º curso					
1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
Cód.	Materia	Créd.	Cód.	Materia	Créd.
202261	Lingua Inglesa e os seus Usos 1	6 OB	202265	Literatura Norteamericana 1	6 OB
202262	Literatura Inglesa (Séculos XVI e XVII)	6 OB	202266	Gramática Inglesa	6 OB
202264	Fonética da Lingua Inglesa	6 OB	202267	Literatura Poscolonial	6 OB
200134	Lingua Galega e Comunicación Oral	6 OB	200137	Literatura Galega Contemporánea 1	6 OB
200135	Lingua Portuguesa 1	6 OB	200138	Lingua Galega e Sociedade	6 OB
200136	Literatura Medieval Galego-Portuguesa	6 OB	200139	Literatura Portuguesa 1	6 OB

4º curso					
1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
Cód.	Materia	Créd.	Cód.	Materia	Créd.
202263	Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa	6 OB	200166	Estudos de Lingua Inglesa	6 OB
200163	Literatura Inglesa (Séculos XVIII e XIX)	6 OB	200167	Literatura Inglesa (Séculos XX e XXI)	6 OB
200164	Lingua Inglesa e os seus Usos 2	6 OB	200152	Literaturas de Lingua Portuguesa	6 OB
200133	Historia da Lingua Galega e Portuguesa	6 OB	200153	Gramática Galega	6 OB
200148	Lingua Portuguesa 2	6 OB	Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 2º cuatrimestre**		
200149	Literatura Galega Contemporánea 2	6 OB			

5º curso					
1º cuatrimestre			2º cuatrimestre		
Cód.	Materia	Créd.	Cód.	Materia	Créd.
200162	Literatura Norteamericana 2	6 OB	200168	Traballo Fin de Grao (<i>Grao en Inglés</i>)	6 OB
200165	Historia da Lingua Inglesa	6 OB	200154	Traballo Fin de Grao (<i>Grao en Galego e Portugués</i>)	6 OB
200150	Literatura Portuguesa 2	6 OB	Elixir catro materias optativas das ofertadas no 2º cuatrimestre**		
200151	Lingua Galega: Norma e Usos	6 OB			
Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 1º cuatrimestre*			9 OP	18 OP	

Materias optativas ofertadas					
1º cuatrimestre*			2º cuatrimestre**		
202268	Técnicas de Redacción e Argumentación (3º curso Gr. Inglés)		202272	Cuestiós de Lingua Inglesa (3º curso Gr. Inglés)	
202269	Inglés Científico-Técnico (3º curso Gr. Inglés)		200159	A Literatura Inglesa e a súa Crítica (3º curso Gr. Inglés)	
200140	Lingua e Cultura dos Países de		200144	Normalización e Planificación da	



	Fala Portuguesa <i>(3º curso Gr. Galego e Port.)</i>		Lingua Galega <i>(3º curso Gr. Galego e Port.)</i>
200141	Edición e Comentario de Textos Galegos e Portugueses <i>(3º curso Gr. Galego e Port.)</i>	200145	Literatura Galega e Estudos Socioculturais <i>(3º curso Gr. Galego e Port.)</i>
200169	Variedades do Inglés <i>(4º curso Gr. Inglés)</i>	200173	Literatura Irlandesa <i>(4º curso Gr. Inglés)</i>
200170	Literatura Inglesa e Xénero <i>(4º curso Gr. Inglés)</i>	200174	Literatura Norteamericana nos seus Textos <i>(4º curso Gr. Inglés)</i>
200155	Lingua e Variación no Espazo Galego- Portugués <i>(4º curso Gr. Galego e Port.)</i>	202256	Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa <i>(4º curso Gr. Galego e Port.)</i>
200156	Poesía en Lingua Galega e Portuguesa <i>(4º curso Gr. Galego e Port.)</i>	202257	Teatro en Lingua Galega e Portuguesa <i>(4º curso Gr. Galego e Port.)</i>
Deberán cursar en total:			
<ul style="list-style-type: none">- dúas materias de 3º do Grao en Inglés- dúas materias de 3º do Grao en Galego e Portugués- dúas materias de 4º do Grao en Inglés- dúas materias de 4º do Grao en Galego e Portugués			

Outras materias optativas que se poden cursar como formación adicional

1º cuatrimestre		2º cuatrimestre	
202271	Filosofía e Literatura	200161	Linguaxe, Discurso e Comunicación
202270	Idioma Moderno 2: Francés	200160	Idioma Moderno 3: Francés
200177	Idioma Moderno 2: Italiano	200180	Idioma Moderno 3: Italiano
200179	Idioma Moderno 2: Alemán	200182	Idioma Moderno 3: Alemán
200126	Lingua do Mundo	200130	Estruturas e Variedades do Latín
200142	Historia e Cultura de Galicia	200146	Cultura Latina Medieval
200171	Literatura e Artes Visuais	200147	As Linguas Románicas
202222	Contactos Lingüísticos e Literarios na Tradición Románica	200175	Español como L2
202223	Literatura Latina	200176	Idioma Moderno 4: Francés
200157	Literatura Comparada	200183	Idioma Moderno 4: Italiano
200158	Lingua e Tecnoloxías	202226	Lingua e Sociedade
		202227	Literatura e Cultura
		202259	Literaturas Románicas
		202258	Lecturas de Literatura Española e Hispanoamericana

ANEXO II. Recoñecementos específicos para o estudiantado do Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
As materias de 1º e 2º, ao ser comúns aos dous graos, cúrsanse só nun dos graos e recoñécense para o outro	
Recoñécense 18 créditos de materias optativas xerais (Plan de estudos <i>BOE</i> 26/04/2010 e 23/06/2010) por ter superados 18 créditos de materias optativas específicas do Grao en Galego e Portugués.	Recoñécense 18 créditos de materias optativas xerais (Plan de estudos <i>BOE</i> 26/04/2010) por ter superados 18 créditos de materias optativas específicas do Grao en Inglés.